



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía: Introducción á economía

Materia	Economía: Introdución á economía			
Código	004G240V01103			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Molina Abrales, Antonio			
Profesorado	Molina Abrales, Antonio Pintos Clapés, Juan			
Correo-e	molina@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral	- A materia adecúase ó perfil profesional e académico ó contribuír á formación básica do alumno no campo da Economía, presente en numerosos aspectos no ámbito do desempeño profesional no sector turístico. - A materia ten 6 créditos ECTS e posúe carácter obrigatorio. Cúrsase en 1º no 1º cuadrimestre. Inicia ó alumno nos aspectos económicos fundamentais, con especial especial atención ao sector turístico . Ten claramente unha relación de complementariedade con outras materias deste Grao, como por exemplo: Economía Aplicada ao Turismo, Planificación Pública do Desenvolvemento Turístico, Comercio internacional e Turismo ou Fiscalidade de Empresas Turísticas. - Por unha banda, a materia analiza a conducta dos diversos axentes económicos que participan nos mercados. Por outra banda, presta atención ás principais variables macroeconómicas e o impacto do Turismo nun contexto de economías abertas que participan no comercio internacional.
------------------	---

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Ser capaz de analizar, sintetizar e administrar datos derivados das observacións usando os fundamentos técnicos cuantitativos e de predición
B3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
B5	Capacidade de comunicación oral e escrita
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
B10	Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións
C1	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.
C2	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto de políticas públicas, estrutura e evolución dos mercados turísticos: relacións nacionais e internacionais.

C4	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das diferentes manifestacións antropolóxicas, culturais e sociais que incentivan a actividade turística.
C9	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das técnicas básicas de investigación e prospectiva en materia turística.
C10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
D5	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de interpretar as relacións dos axentes económicos que participan no sector turístico.	A2 A3	B2	C1	
Posuír coñecementos acerca da evolución dos mercados turísticos.	A3 A5	B2 B3 B10	C2 C9	
Ser capaz de analizar os impactos das institucións no sector turístico usando fundamentos técnicos cuantitativos.	A1 A5	B2 B10	C2 C10	
Posuír coñecementos para realizar unha análise crítica de aspectos relativos ao sector turístico.	A1 A2 A4	B3 B7 B8 B9	C4	D5
Ser capaz de transmitir de maneira efectiva ideas sobre o funcionamento da economía tanto de forma escrita como oral.	A4 A5	B5 B7 B8		D5

Contidos

Tema	
Módulo A: Introducción	1. Os dez principios de economía 2. Pensar como un economista 3. Ganancias derivadas do comercio internacional.
Módulo B: O mercado	4. Oferta e demanda: As forzas do mercado. 5. Elasticidade e as súas aplicacións. 6. Fallos de mercado.
Módulo C: Macroeconomía e Comercio Internacional	7. O PIB e a Contabilidade Nacional. 8. A produción e o crecemento económico. 9. O comercio internacional. 10. Macroeconomía nunha economía aberta.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	15	30	45
Sesión maxistral	31	31	62
Probas de tipo test	1.5	6	7.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	1.5	6	7.5
Traballos e proxectos	1	27	28

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Metodoloxía que permite ó alumnado aprender de forma efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico tales como exercicios e supostos mediante o uso do aprendido nas leccións maxistras. Os obxectivos de esta técnica son: alcanzar unha maior competencias dos contidos aprendidos na teoría e ilustrar as súas potenciais aplicacións.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e introducción de algunhas preguntas dirixidas ós estudantes coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Resolución de problemas e/ou exercicios	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico tales como exercicios e supostos mediante o uso do aprendido nas leccións maxistrais. A resolución dos devanditos supostos será guiada polo profesor. Os obxectivos desta técnica son: alcanzar unha maior competencia dos contidos aprendidos na teoría e ilustrar as súas posibles aplicacións. Os alumnos disporán ademais das seguintes vías de atención personalizada: - Titorías individuais: Estas titorías terán lugar no despacho 5.4 da Facultade de C. C. Empresariais e Turismo. O alumno disporá de 6 horas semanais, previamente fixadas polo profesor nas que poderá facer consultas relacionadas coa materia. O horario das titorías farase público ó comezo do curso académico. - Titorías vía correo electrónico: O alumno poderá escribir ó correo electrónico molina@uvigo.es para consultar dúbidas urxentes que supoñan respostas de carácter breve. - Plataforma de docencia TEMA: O alumno tamén poderá consultar na plataforma TEMA: http://fatic.uvigo.es. Nela están dispoñibles os recursos pedagóxicos da materia e tamén se poden facer chegar as dúbidas que se consideren oportunas.
---	---

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	37.5	A1 A2	B2 C1 C2 C4		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo establecido polo profesor. Deste xeito, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu.	37.5	A3 A4	B2 B3 B5 B7 B10	C1 C2 C9 C10	D5
Traballos e proxectos	Os estudantes deberán ler capítulos de dous libros de economía seleccionados polo profesor que estarán estreitamente relacionados cos contidos explicados nas sesións maxistrais. A avaliación das lecturas celebrárase nos grupos GP mediante un ensaio que as alumnas e os alumnos deberán desenvolver. Nembargantes, é posible que a proba sexa oral en vez de escrita, se o número de estudantes o permite.	25	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B7 B8 B9	C1 C2 C10	D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/os estudantes poderán escoller entre dous sistemas de avaliación: avaliación continua e avaliación mediante un exame final.

-Avaliación continua: Os alumnos que seguen a avaliación continua terán que realizar catro probas ao longo do curso. Tres de elas consistirán en exames que misturan as modalidades de tipo test e resolución de exercicios, otorgando a mesma ponderación a ambas modalidades. A cuarta proba consistirá en un examen tipo ensaio onde o estudante debe desenvolver un tema extraído das lecturas sobre capítulos dos dous libros de economía que seguen:

- HARFORD, TIM, *El Economista Camuflado*, Penguin Random House Grupo, Barcelona, 2014.

- ACEMOGLU, DARON y JAMES A. ROBINSON, *Por qué fracasan los países*, Ediciones Deusto, Barcelona, 2012.

Os capítulos concretos serán anunciados ao comezo do curso. A avaliación de estas lecturas podería consistir dun exame oral (en vez de escrito) se as condicións do número de alumnado o permite.

Enténdese que se opta pola avaliación continua se o estudante se presenta á primeira destas probas. A nota final da materia virá dada pola media aritmética das catro probas, non habendo nota mínima ou de corte en ningunha delas. Como é habitual, a nota media mínima para aprobar a materia será 5 puntos dun máximo de 10.

As datas das probas da avaliación continua serán anunciadas ao longo do curso coa suficiente antelación.

-Exame final de maio: No caso de que o estudante non se acolla ao sistema de avaliación continua, poderá facer un exame final na data oficialmente establecida e acadar unha puntuación entre 0 e 10 puntos. Non poderán presentarse a este exame os alumnos que suspenderan pola vía da avaliación continua. O exame manterá as mesmas ponderacións dos diversos contidos que na avaliación continua. En particular, as lecturas obrigatorias ponderarán un 25%.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación da Xunta de Facultade para o ano 2015-2016. En caso de conflito, prevalecerán as datas publicadas na páxina web da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.

Segunda convocatoria: Aqueles alumnos que non superaran a materia en maio (vía avaliación continua ou exame final) terán unha segunda oportunidade en xuño/xullo e deberán realizar un exame final de similares características ás do exame final de maio. Novamente terán a posibilidade de acadar unha puntuación máxima de 10 puntos nesta convocatoria.

Nota: É necesario traer o DNI ou documento análogo cando teña lugar a realización dos exames. O incumprimento deste requisito pode ter como consecuencia que o alumno non realice o exame en cuestión. Con carácter xeral, será necesario o uso de calculadora nas clases da materia e nos exames.

Bibliografía. Fontes de información

Mankiw, N. Gregory, **Principios de Economía**, Paraninfo,

Castejón, Rafael, Ester Méndez, Juan Luis Martínez y Amelia Pérez, **Introducción a la Economía para Turismo**, Pearson,

Mochón, Francisco, **Economía y Turismo**, Mc Graw Hill,

Pardellas, Xulio, **Economía Básica**, Xerais,

Harford, Tim, **El economista camuflado**, Penguin Random House Grupo,

Acemoglu Daron y James A. Robinson, **Por qué fracasan los países**, Ediciones Deusto,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Turismo e desenvolvemento económico territorial/O04G240V01501

Comercio internacional e turismo/O04G240V01905

Outros comentarios

Por razóns pedagóxicas é altamente recomendable a asistencia regular a clase. Sen dúbida, a asistencia regular ás clases fará que a dificultade de superar a materia sexa notablemente mais baixa. Así, o alumno poderá aproveitarse dun ritmo de traballo continuo e da exposición de contidos teóricos e prácticos feitos na aula polos seus compañeiros e polo profesor. Tamén é moi recomendable o traballo en grupo á hora de relizar os exercicios da materia xa que pode ser proveitoso intercambiar ideas sobre as dificultades atopadas; esta estratexia permitirá afondar nos coñecementos da materia.